

O mundo que nos rodea

Un ben moi escaso!

Este verán estiven de vacacións na aldea dos meus avós. Pola noite contáronos historias da súa infancia.

Contou que cando era pequeno non había auga corrente nas casa e cada día acompañaba á súa nai para recollela ao manancial. Anos despois achegaron a auga a aldea e os veciños ían a unha fonte encher os meus cántaros.

Esa noite, cando me deitei, sentínme moi afortunado de ter auga na casa e de que chegue de forma sinxelo ao abrir unha billa. E comprendín que para que a auga poida chegar ata casa, non debemos malgastar nin unha pinga.



Reflexiona:

- Para que usas ti a auga?
- En que lugares hai auga?
- Pódese beber calquera tipo de auga?
- Fas un uso correcto da auga?

A auga

Todos os seres vivos necesitamos auga para vivir. A auga non ten nin color, sabor, nin olor. Tampouco ten forma, se adapta ao recipiente que a contén

Completa coas palabras dos recadros:

olor

auga

sabor

animais

cor

Os _____, as plantas e as persoas necesitan
_____ para vivir.

A auga non ten _____, _____ nin
_____.

A auga na natureza

Podemos atopar auga na natureza, esta pode ser doce nos ríos, lagos, encoros e as nubes ou salgada nos mares e océanos.



Busca nesta sopa de letras sitios onde se atopa a auga:

LAGO
ENCORO
MAR
RIO

A	P	L	A	G	O	B
S	E	N	C	O	R	O
A	R	I	M	P	L	O
R	I	O	U	S	E	A
O	S	M	A	R	I	E
G	M	P	B	A	E	B

Como pode estar a auga na natureza?



A auga dos ríos e dos mares é líquida coma a que bebes



Cando vai moito frío a auga líquida convértese en xeo



Cando se quenta moito convértese en vapor



Experimento

Podes comprobar estes estados na túa casa, coa axuda dun adulto.

Sabes por que chove?



Mira este vídeo para descubri-lo



Preguntas finais

Verdadeiro (V) ou Falso (F)

1. Os animais necesitan auga para vivir. V F
2. A auga dos ríos e dos lagos é salgada. V F
3. A auga dos ríos e dos lagos é salgada. V F
4. A auga non ten olor. V F
5. A auga cando se enfría transfórmase en vapor V F